Querido Luis:

Figúrome que xa che terán enviado estas declaraciós aparecidas en "La Voz de Galicia". De todolos xeitos, por si non chas mandaron, ahí che van. Polo de agora non vin que tiveran eco.

Están compoñendo o libro de homenaxe ao Pensol. Cando o teñamos listo xa cho mandaremos. O Colmeiro fixo un dibuxo, e tamén o Laxeiro.

Apertas nosas para os dous

Ramón

Cando vexas ao Lorenzo Varela dille que estes días estuvo eiquí

en Santiago o lugués Saturno Lois para operarse da próstata. Pasei algunhas tardes con el e lembrámonos moito do "Argentino", que así lle chamabamos en Lugo ao Varela. Dalle saúdos.